

## **SOLICITUDE DE PROPOSTAS DE CREACIÓN EN ARTES VISUAIS PARA A ZONA "C"**

### **OBJECTO**

Inaugurada en marzo de 2007 como espazo para a arte máis emerxente (en tanto sala de primeira oportunidade profesional, é dicir, dirixida a artistas que non tivesen realizado outros proxectos individuais en espazos comerciais ou institucionais), a Zona "C" consolídase como aposta da Concellaría de Acción Cultural para promover a creación de vangarda dando resposta á demanda dos e das artistas dun espazo en Compostela que acolla proxectos específicos e efémeros.

Así, a Concellaría pon en marcha esta solicitude de propostas de creación en artes visuais nas modalidades de proxectos de creación artística, proxectos de comisariado e comunicación gráfica. O resultado do proceso de selección, a cargo dunha comisión de expertos, conformará a programación do espazo.

É obxectivo da Concellaría que creadoras e creadores atopen espazos e vías de profesionalización, fomentando o debate, a reflexión e a crítica, traballando conxuntamente cos profesionais de cultura da Concellaría que acompañarán en todo momento os proxectos.

### **ORZAMENTO**

Para a adxudicación dos contratos desta convocatoria dispónse de crédito por importe de trinta e seis mil euros (36.000,00 €), IVE incluído.

Cada unha das intervencións terá un orzamento total de cinco mil euros (5.000 €), IVE incluído.

As obrigas económicas que se deriven desta contratación realizaranse con cargo á aplicación orzamentaria 33404 22706 de artes visuais do orzamento xeral do Auditorio de Galicia.

### **CONTIDO DAS PROPOSTAS**

As modalidades obxecto desta convocatoria son:

- Modalidade 1. Proxectos de creación artística
- Modalidade 2. Proxectos de comisariado
- Modalidade 3. Comunicación gráfica

O número máximo de proxectos seleccionados nas modalidades 1 e 2 será de 6 en total e dependerá da calidade e do número de proxectos que se presenten en cada unha.

### 3.1.- MODALIDADE 1. PROXECTOS DE CREACIÓN ARTÍSTICA

#### PARTICIPANTES

Dirixida a creadores e creadoras ou a colectivos de artistas emerxentes galegos ou residentes en Galicia, para os que esta convocatoria supoña unha das primeiras oportunidades profesionais de intervir nun espazo e cuxa traxectoria profesional non estea aínda consolidada.

#### REQUISITOS DE PARTICIPACIÓN

- Poderán presentar un só proxecto de temática libre que destaque pola súa calidade e viabilidade. Non é necesario que sexa inédito, pero avaliarase positivamente.
- Os proxectos deberán incluír polo menos unha proposta que introduza posibilidades de participación, mediación ou actividades colaborativas que procuren o achegamento cidadán aos procesos da arte contemporánea.

#### PRESENTACIÓN DE DOCUMENTACIÓN

As e os artistas deberán proporcionar a seguinte documentación en papel:

- Fotocopia do documento de identidade ou pasaporte
- Correo electrónico e teléfonos de contacto
- Texto explicativo do proxecto de intervención que se axustará a un máximo de 1.500 palabras (preferentemente en galego)
- Currículo resumido das/dos artistas ou dos colectivos (non superior a 20 liñas)
- Imaxes de obra ou recreación da posible intervención
- Proposta de montaxe e deseño expositivo
- Proposta de actividades de mediación vinculadas ao proxecto
- Orzamento desgregado por partidas que inclúa a actividade de mediación e calquera gasto que a intervención xere (impostos incluídos)
- En vídeocreación ou performance poderán anexarse vídeos

A documentación deberá presentarse tamén en formato dixital, nun único pdf, enviándoa ao enderezo electrónico [exposicións@auditoriodegalicia.org](mailto:exposicións@auditoriodegalicia.org)

#### DOTACIÓN ECONÓMICA

A dotación económica será de 5.000 € (cinco mil euros, impostos incluídos) por proxecto artístico seleccionado. Esta cantidade aboarase mediante transferencia bancaria despois de presentada a factura e unha vez inaugurada a intervención.

As/os artistas ou os colectivos deberán integrar nesta contía a totalidade dos gastos que conleve a intervención (impostos incluídos).

Nos proxectos cuxo orzamento exceda desta cantidade requiriranse achegas doutras fontes.

### 3.2.- MODALIDADE 2. PROXECTOS DE COMISARIADO

#### PARTICIPANTES

Dirixida a comisarias e comisarios, nados ou residentes en Galicia dedicados á práctica curatorial entendida como a relación que se desenvolve en contacto co artista e cos axentes implicados no proxecto.

#### REQUISITOS DE PARTICIPACIÓN

- Teranse en conta o número de proxectos curatoriais que se teñan realizado valorando que sexa unha oportunidade de sumar unha experiencia profesional.
- Terase en conta que o proxecto traballe capacidades e artistas que non teñan cabida noutros espazos expositivos.
- Poderán presentar un só proxecto de temática libre que destaque pola súa calidade e viabilidade. Non é necesario que sexa inédito, pero valorarase positivamente.
- Os proxectos deberán incluír polo menos unha proposta que introduza posibilidades de participación, mediación ou actividades colaborativas que procuren o achegamento cidadán aos procesos da arte contemporánea.

#### PRESENTACIÓN DE DOCUMENTACIÓN

As e os comisarias/os deberán proporcionar a seguinte documentación en papel:

- Fotocopia do documento de identidade ou pasaporte
- Correo electrónico e teléfonos de contacto
- Texto explicativo do proxecto de intervención que se axustará a un máximo de 1.500 palabras (preferentemente en galego)
  - Currículo resumido das/dos artistas ou dos colectivos (non superior a 20 liñas)
  - Imaxes de obra ou recreación da posible intervención
  - Proposta de montaxe e deseño expositivo
  - Proposta de actividades de mediación vinculadas ao proxecto
  - Orzamento desgregado por partidas que inclúa a actividade de mediación e calquera gasto que a intervención xere (impuestos incluídos)
- En vídeocreación ou performance poderán anexarse vídeos

A documentación deberá presentarse tamén en formato dixital, nun único pdf, enviándoa ao enderezo electrónico [exposicións@auditoriodegalicia.org](mailto:exposicións@auditoriodegalicia.org)

#### DOTACIÓN ECONÓMICA

A dotación económica será de 5.000 € (cinco mil euros, impostos incluídos) por proxecto curatorial seleccionado. Esta cantidade aboarase mediante transferencia bancaria, logo de presentada a factura e unha vez inaugurada a intervención.

A/O comisaria/comisario ou os colectivos deberán integrar nesta contía a totalidade dos gastos que conleve a intervención (impuestos incluídos).

Nos proxectos cuxo orzamento exceda desta cantidade requiriranse achegas doutras fontes.

#### CONDICIÓNS XERAIS PARA AS MODALIDADES 1 e 2

As /os seleccionados:

- Deberán ter en conta que os importes asignados para cada modalidade están sometidos ás retencións e impostos que marca a lei.
- Adaptaranse ao calendario proposto polo Auditorio de Galicia.
- Dado o traballo presencial que requiren as intervencións e actividades de mediación, todas/os seleccionadas/os deben ter compromiso de presenza e seguimento destas.
- Proporcionarán todos os elementos necesarios para a instalación das obras e para a súa correcta exhibición e adecuación ao espazo.
- Proporcionarán o material que o Auditorio requira como textos, imaxes etc.
- Autorizarán, así mesmo, a citación do seu nome así como a reprodución gráfica da súa obra para calquera tipo de difusión ou publicación que o Auditorio considere oportuno facer dela.
- Sen detrimento da edición en papel, os contidos das publicacións que se editen deberán tamén publicarse no sitio web: [e-auditoriodegalicia.net](http://e-auditoriodegalicia.net)
- Deberán deixar o espazo en condicións óptimas para a seguinte intervención. Os gastos que isto supoña deberán estar incluídos dentro do orzamento asignado.
- Finalizada a intervención os traballos quedarán en mans das/os autoras/es.

#### Elaboración de dossier

- Para a elaboración do dossier pódese obter o plano da sala na web [compostelacapitalcultural.gal](http://compostelacapitalcultural.gal) ou solicitar información no correo electrónico [exposicions@auditoriodegalicia.org](mailto:exposicions@auditoriodegalicia.org)
- Poderán recuperar o dossier presentado na recepción do Auditorio de Galicia.

### 3.3.- MODALIDADE 3. COMUNICACIÓN GRÁFICA

#### PARTICIPANTES

Dirixida a deseñadoras e deseñadores galegos ou residentes en Galicia que deberán traballar en colaboración cas/cos artistas e comisarias/os así como coa persoa coordinadora do programa de artes visuais do Auditorio de Galicia.

#### REQUISITOS DE PARTICIPACIÓN

- Fotocopia do documento de identidade ou pasaporte
- Correo electrónico e teléfonos de contacto
- Currículo resumido (non superior a 20 liñas)
- Porfolio doutros traballos
- Proposta de deseño da imaxe xeral das intervencións nos elementos que poidan ser comúns (invitación, cartel...)

#### CONDICIÓNS

- Deberán deseñar a imaxe xeral das intervencións nos elementos comúns e o material específico que se derive de cada intervención ou actividade de mediación.
- Considerarase material de deseño: a publicación, invitación, bandeiro(s), vinilo(s), carteis, follas de sala, cartelas, dossier prensa, *newsletter* e o material específico que requira cada unha das intervencións seleccionadas.
- Sen detrimento da edición en papel, os contidos das publicacións que se editen deberán ser preparados e subidos polo deseñador/a ao sitio web: [e-auditoriodegalicia.net](http://e-auditoriodegalicia.net)
- A publicación poderase baixar baixo demanda –e como pdf– para imprimir por parte das persoas usuarias interesadas.
- Para todos elementos de deseño que se requiran, o deseñador/a deberá preparar arquivos para impresión e para soporte dixital (páxina web e redes).

#### DOTACIÓN ECONÓMICA

A dotación económica, en concepto de honorarios, será de 1.000 € (impostos incluídos) para cada unha das intervencións que se seleccionen.

Esta cantidade aboarase mediante transferencia bancaria despois de presentada a factura e unha vez inaugurada cada intervención.

O/a deseñador/a deberá integrar nesta contía a totalidade dos custos de deseño de cada intervención.

## SELECCIÓN

A participación nesta convocatoria implica a total aceptación das súas bases e a conformidade coa decisión do comité de selección. A organización resérvase o dereito de facer modificacións ou tomar iniciativas non reguladas nestas bases, sempre que supoñan melloras para o desenvolvemento dos obxectivos desta convocatoria.

O comité de selección resérvase o dereito de declarar deserta algunha das modalidades.

A interpretación das bases e cometido exclusivo dos membros do comité de selección.

A Concellaría de Acción Cultural a través do Auditorio de Galicia asinará un contrato coa persoa seleccionada, no que se especificarán todas as cuestións relativas á execución do proxecto. A Concellaría de Acción Cultural é a responsable última do evento.

O Auditorio de Galicia porase en contacto cos seleccionados para indicarlles o período de intervención ou datas para desenvolver o traballo.

### Comisión de selección

Mónica Maneiro, directora Dardomagacine

Neves Seara, artista

Santiago Olmo, director CGAC

Chus Busto responsable de exposicións do Auditorio de Galicia

A comisión encargada da selección terá en conta os seguintes criterios:

- A calidade e coherencia do proxecto e a súa solidez formal e conceptual.
- A calidade e relevancia das actividades de mediación e a súa conexión co tecido cidadán.
- A conexión do proxecto coas correntes actuais de creación contemporánea.
- A contribución da intervención ao espazo cultural da cidade.
- A viabilidade do proxecto con base na súa adaptabilidade ao espazo de intervención e á optimización dos recursos económicos e materiais.
- O axuste ao orzamento establecido.
- A traxectoria do solicitante (premios, bolsas, exposicións, formación etc.)
- Valorarase positivamente as achegas de cofinanciamento que melloren o proxecto.

## ENVÍO DE PROPOSTAS

Até 30 de xuño de 2017

no Auditorio de Galicia

de 9.00 a 14.30 h

e no mail [exposicions@auditoriodegalicia.org](mailto:exposicions@auditoriodegalicia.org)

A documentación deberá enviarse ao seguinte enderezo:

Ref. Propostas Zona "C"

Auditorio de Galicia

Avda. Burgo das Nacións s/n

15705 Santiago de Compostela

E ao mail:

[exposicions@auditoriodegalicia.org](mailto:exposicions@auditoriodegalicia.org)

As persoas seleccionadas para cada unha das tres modalidades recibirán cadansúa notificación persoal. Tamén se comunicará a resolución na web [compostelacapitalcultural.gal](http://compostelacapitalcultural.gal)

## INFORMACIÓN

na web: [compostelacapitalcultural.gal](http://compostelacapitalcultural.gal)

no mail: [exposicions@auditoriodegalicia.org](mailto:exposicions@auditoriodegalicia.org)

no tel.: 981574152